

Acta XVI Asemblea Xeral da MAREA PONTEVEDRA
Venres, 15 de xullo de 2016 na Sede da Marea (Cruz Vermella, 22, baixo)

Sendo as 20,15 horas e co quórum requirido (32 persoas) da comezo a Asemblea Xeral de Marea Pontevedra coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta anterior (XV Asemblea do 30 de maio)
2. Balance da campaña das xerais e eleccións autonómicas
3. Varios

ACORDOS:

1. Aprobación da acta anterior. **Aprobada por unanimidade.**

Neste punto faise constar o malestar por parte dun membro da coordinadora ao entender que na votación da asemblea anterior votou xente que non esta adherida formalmente a Marea (sen cubrir a ficha que condiciona a asunción do Código Ético da Marea). Informase que as asembleas de Marea Pontevedra son abertas, pero o dereito a voto so corresponde as persoas adheridas e que desde a coordinadora velarase porque se cumpra esta condición á hora de contabilizar as votacións.

2. Explícanse as conclusións ás que chegou a comisión técnica creada para analizar os resultados e as valoracións feitas desde á permanente que se resumen na resolución aprobada sen ningún voto en contra, 7 abstencións e por 23 votos favorables (axuntase a esta acta).

David Crespo e Julia Torregrosa formulan dúbidas arredor de que ocorre si na consulta de Podemos decide presentarse en solitario xa que non van participar da asemblea constituínte de En Marea.

Xoán Hermida responde o proceso aberto polo manifesto dos alcaldes para constituír o Partido [instrumental] de En Marea é de adhesión individual. Que o apoio de Podemos, ao igual que dos outros partidos ou das propias mareas municipalista é importante pero que ao final serán as persoas as que decidan incorporarse ou non. De tódolos xeitos entendese que na medida que a documentación da nova En Marea parte dos documentos de Mareas en Común que a súa vez teñen que ver coas cuestións centrais que no seu día formulou Podemos (unidade popular como unidade de persoas non como suma de siglas, primarias, decisións democráticas en consultas por sufraxio universal,...) entendese que non debería existir problemas para o apoio de Podemos.

3. Javier pregunta sobre a reforma do antigo edificio da Xunta de Galicia en Benito Corbal. Luís Rei aclara que so asistimos á presentación oficial do proxecto pero non temos unha posición tomada ao respecto.

Asinado: Esteban Rey | exerceu de Secretaria de Actas
 Xoán Hermida | Coordinador

INFORME-VALORACIÓN DE MAREA PONTEVEDRA SOBRE O 26X:

LECCIÓN DAS ELECCIÓN XERAIS E PASOS PARA CONSTRUIR UNHA CANDIDATURA GAÑADORA PARA AS AUTONÓMICAS

1. MAREA PONTEVEDRA aprobou, por segunda vez, apoiar de xeito crítico a candidatura de EN MAREA para as eleccións xerais, aínda sabendo das súas limitacións de participación e que se trataba dunha coalición electoral de partidos lonxe do modelo de unidade popular que nos desexábamos. O facíamos na medida **que conformaba a plataforma de confluencia democrática máis ampla, se insería no movemento de cambio estatal necesario e ademais valorando o traballo realizado polas nosas representantes nas Cortes durante a pasada lexislatura.**
2. Non obstante, fomos conscientes, xa en pre-campaña, que esta non ía ser unha campaña igual que a anterior e que as dinámicas de parte estaban máis presentes en detrimento do proxecto común. Por iso esta vez, a diferenza de decembro, non tomamos o liderado da campaña na cidade e **reducimos a nosa participación colectiva ao impulso de tres actos ligados a tres temáticas concretas que valoramos positivamente por canto amosaron outro xeito de facer campaña: marcha ambientalista pola Fracha, mesa sobre políticas sociais e acto municipalista.**
3. Dixémolo moitas veces, e repetímolo unha vez máis, **estamos asistindo a un proceso de transición democrática complexo e longo, do que non se poden descontextualizar os resultados electorais.** As candidaturas do cambio (Unidos-Podemos, En Comú, És el Moment, En Marea,...) sofren todas por igual, e indistintamente do lugar ou características territoriais, un descenso en número de votos e porcentaxes significativo (arredor de 3 puntos). A pesar diso, podemos afirmar que si somos capaces de superar as lóxicas contradicións hoxe existentes, **estamos diante dun resultado histórico das forzas do cambio que por riba do 20% permite consolidar unha alternativa de goberno e medio prazo.**
4. **Os resultados de EN MAREA seguen a ser moi bos e serven para manter viva a posibilidade de liderar o cambio na Xunta de Galicia.** Non obstante o descenso de tres puntos (do 25,01% ao 22,18%) **ten tres aspectos preocupantes: a perda de un congresista e un senador, a cesión do liderado da esquerda ao PSdG e a desaparición de Galicia como unha das comunidades xunto con Catalunya, País Valencia e Euskadi locomotoras do cambio.** Mención especial merece a imaxe de división e confrontación durante os últimos meses e a nefasta xestión por parte dos nosos dirixentes dos resultados (asumindo o discurso oficial e máis preocupados en axustar contas entre as partes), ata o punto que a día de hoxe EN MAREA como proxecto político non ten feito unha valoración dos resultados.
5. Poderíamos buscar múltiples motivos para o descenso electoral, e seguramente todos terían argumentario suficiente, pero á vista dos resultados -recuperación do voto do PP a costa de Cs e a abstención e baixada de EN MAREA pola perda de votantes cara a abstención e ao PP- dous son os elementos a destacar: **a mala xestión dos resultados do 20D e perda do plus de ilusión que se xerou nas eleccións anteriores.**
6. En cando aos resultados en Pontevedra hai que destacar:
 - Que se moven en parámetros parecidos aos nacionais e estatais.
 - O trunfo do PP na cidade ten moito que ver co reagrupamento do votante de dereitas (caída de Cs) pero tamén coa absorción dunha parte do voto de dereitas que ía ao BNG e un menor, pero importante, voto de protesta que veu a EN MAREA nas eleccións de decembro.
 - Que **os resultados nos consolidan como a alternativa municipal fronte a un BNG electoralmente marxinal e unha dereita (PP-Cs) que recuperando votos segue a estar superada polo de votante progresista (Marea-PSOE-BNG). Todo apunta a un fin de ciclo do BNG que nos colocaría nas mellores condicións de disputarlle ao PP á alcaldía nas próximas eleccións municipais.**
 - Que a perda de 2.296 votos (do 26,66% ao 23,09%) están na media da perda de Galicia, non obstante **seguimos a ser a segunda forza política na cidade** cun dos

mellores resultados do conxunto de EN MAREA. Nas pasadas eleccións EN MAREA foi primeira forza en 29 mesas, nestas soamente en unha revalidouse o primeiro posto (Recinto Feiral) e noutra empatouse co PP (Marcón).

- Que a perda de votantes (fundamentalmente cara a abstención e algún tamén cara ao PP) prodúcese naquelas mesas da periferia popular e das parroquias castigadas polos gobernos e que nas anteriores fomos primeira forza ou moi próximas ao PP (Burgo, Pontevedra Leste, Campolongo, Monteporreiro, Marcón e Lourizán).
7. Tal como afirmabamos na resolución do pasado 14 de xaneiro (despois das xerais do 20D) “para MAREA PONTEVEDRA **hai que empezar a preparar desde xa as vindeiras eleccións autonómicas**, nas que de seguro imos ser capaces de desprazar á dereita e configurar un goberno das persoas liderado por EN MAREA. Para iso, **o proxecto das ‘mareas da dignidade’ debe continuar o camiño emprendido, sen a tentación de reinicialo de cero, e debe superar as eivas participativas, amosadas neste último período, recuperando a iniciativa das mareas municipalistas e as súas novas formas de participación política** (primarias, programa colaborativo, código ético...)”.

Por iso, dicíamos: “MAREA PONTEVEDRA vai facer contactos con outras mareas e partidos que configuran EN MAREA para que **constrúa e fortaleza compoñentes comúns (coordinación, relato, simboloxía,...) que asegure un proxecto máis inclusivo e participado polas persoas.**”

8. Esa aposta ten como piares a día de hoxe:
- **a recuperación do traballo de rúa e a preocupación dos problemas da xente do común;**
 - **a coordinación do traballo das nosas representantes municipais coas nosas representantes no congreso e no senado;**
 - **a metodoloxía construída por consenso na MAREAS EN COMÚN**, e avalada pola declaración dos alcaldes de A Coruña, Compostela e Ferrol, como ferramenta para construír a candidatura gañadora nas eleccións autonómicas.

Pontevedra, 15 de xullo de 2016